

RESOLUCIÓN REITORAL DE CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE ABRIL DE 2025 POLA QUE SE CONVOCA O “PROGRAMA CAMPUS RURAL” DIRIXIDAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2024/2025.

Detectado erro na base 5. DOTACIÓN E PAGAMENTO da convocatoria de bolsas de “PROGRAMA CAMPUS RURAL” dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025 na que se establece:

2. A contía individual será como máximo de 1.000 euros. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que establece a normativa vixente nestas materias.

Visto o artigo 109.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Modificar a devandita base que queda redactada do seguinte xeito:

*2. A contía individual será como máximo de **1.000 euros/mes**. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que establece a normativa vixente nestas materias.*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/24)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

